



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Concesión definitiva das axudas correspondentes á convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva dirixida a artistas individuais destinadas ao apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na cidade da Coruña - ano 2021 - BDNS 580521

ANUNCIO

CONCESIÓN AXUDAS PRESCO CULTURA 2021

A Xunta de Goberno Local o día 20 de agosto de 2021 acordou autorizar o gasto e aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas de concorrencia competitiva dirixida a artistas individuais destinadas ao apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na nosa cidade, a realizar durante o exercicio 2021.

O importe desta convocatoria é de 120.000 €, gasto imputable á aplicación 50.334.48100 do Orzamento Municipal de 2021.

A convocatoria de subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 161, do 25 de agosto de 2021, BDNS (Identif.): 580521.

Con data 13 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno Local adopta un acordo polo que se corrixe un erro material detectado nas bases reguladoras deste procedemento, no punto 10.2, con respecto á subcontratación de actividades. Dita corrección non produce efectos sobre a convocatoria, polo que se publica na Base de Datos Nacional de Subvenciones o día 14 de outubro de 2021, e continúaase co procedemento.

O prazo de solicitudes de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, foi do 1 ó 15 de setembro de 2021, ámbolos dous incluídos.

Logo de recibir as solicitudes presentadas polas persoas interesadas en participar na convocatoria de subvencións, o Servizo Municipal de Cultura revisou todas as solicitudes e publicou no BOP núm. 196 do 14 de outubro de 2021 e na páxina web do Concello da Coruña o trámite de emendas das solicitudes formuladas, de acordo co previsto na Base 6 apartado 8 da convocatoria.

O prazo para emendar a documentación foi do 15 ao 28 de outubro de 2021, ámbolos dous incluídos.

O artigo 17 da Ordenanza Xeral de subvencións da Área de Benestar determina que “en cada un dos Departamentos administrativos municipais que teñan atribuída a competencia para a xestión dos respectivos expedientes de subvencións constituirase o órgano colexiado a que se refire o apartado 1 do artigo da Lei Xeral de Subvencións, encargado da avaliación das solicitudes, coa denominación de “Mesa de avaliación das subvencións”. O citado órgano colexiado, unha vez avaliadas as solicitudes, debe emitir un informe non que se concrete o resultado da avaliación efectuada (artigo 24.4 Lei).

Con data 21 de outubro de 2021 constituíuse a Mesa de avaliación nomeada pola alcaldesa. Os constituíntes de dita mesa son:

Presidenta: Susana Martínez Portabales, xefa do servizo de Cultura.

Vogais do Servizo Municipal de Cultura: Beatriz Doldán Theodosio e Ana Martínez Arenaz.

Vogais representantes do sector cultural: Luís Pousa Meréns e Natalia Balseiro Rodríguez.

Secretaria: Eva Blanco Sánchez.

Tras varias reunións, e como resultado das deliberacións, o 4 de novembro de 2021, levántase acta na que se indican os criterios de avaliación seguidos para efectuala e emítese informe co resultado:

“Para a valoración tivéronse en conta os criterios establecidos na Base 7.5 da convocatoria. A puntuación máxima a outorgar é de 40 puntos. Os puntos repartíronse en base aos seguintes criterios:

1. Calidade, creatividade e innovación do proxecto: ata 16 puntos.

A Comisión valorou os proxectos presentados polas persoas solicitantes en función da súa calidade descritiva, creatividade e innovación. Tívose en conta a información aportada polo/a solicitante (descrición do proxecto, dossier, fotografías, etc.).

Outorgóuselle a cada proxecto un máximo de 16 puntos.

2. Relación ou vinculación coa cidade da Coruña: ata 8 puntos.

A Comisión tivo en conta a información aportada pola persoa solicitante dentro do proxecto no que respecta á relación do proxecto coa cidade da Coruña, a súa cultura, a súa historia, a súa identidade, os seus espazos públicos, a súa tradición, os seus fitos, os seus personaxes e/o seu medio natural e urbano.

Obtiveron mais puntos aqueles proxectos nos que se puido observar que tiñan maior relación coa cidade.

3. Creación artística previa: ata 5 puntos.

Neste apartado valorouse o currículo aportado pola persoa solicitante en canto á súa experiencia relacionada co obxecto do proxecto.

4. Claridade expositiva e proporcionalidade do orzamento acorde ao obxecto do proxecto: ata 4 puntos.

Valorouse a claridade coa que a persoa solicitante expuxo o proxecto, de tal xeito que a Comisión obtívase de forma clara e concreta información relativa ao que se pretendía crear.

Valorouse ademais a adecuación dos gatos incluídos no orzamento coa realización do proxecto e a súa proporcionalidade.

5. Plan de difusión do proxecto: ata 2 puntos.

Valoráronse os medios de difusión propostos polas persoas solicitantes (redes sociais, prensa, presentación en bibliotecas, centros cívicos, páxina web, etc.)

6. Emprego do idioma galego: 5 puntos.

En base ao acordo da Comisión da sesión do día 28.10.2021, tendo en conta que non se puideron establecer subcriterios, outorgáronse 5 puntos naqueles expedientes nos que se utilizou a lingua galega, xa sexa na solicitude, na elaboración do proxecto ou en ambos.

Isto acordouse ao non existir un apartado no formulario que lle obrigue á persoa solicitante a declarar expresamente que utilizará o idioma galego na realización do proxecto e/ou na súa presentación.

Pola contra, obtiveron 0 puntos aqueles expedientes onde non se empregou o galego.”

Visto o informe da mesa de avaliación, o día 8 de novembro de 2021 publicouse a proposta de resolución provisional e concedeuse un prazo de 10 días hábiles para achegar a documentación recollida nas declaracións responsables e formular alegacións, de acordo co previsto na Base 8.4 reguladora da convocatoria.

O prazo para achegar documentación e formular alegacións rematou o día 22 de novembro de 2021.

En vista da documentación que os solicitantes foron achegando, previuse que algún dos solicitantes incluídos nos primeiros postos da lista de agarda pasarían a ser beneficiarios, e ante o empate coa mesma puntuación dos tres primeiros proxectos, e en tanto que as bases non aclaraban ó respecto, o día 16 de novembro de 2021 ditouse unha dilixencia que indica o seguinte:

«As bases non establecen os criterios de desempate. Polo tanto, é preciso acudir á norma xeral. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 71.2:

“En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia.”

Dos beneficiarios que obtiveron 31 puntos, faise constar que de acordo cos datos que figuran na aplicación informática Open Certiac coa que se xestiona o Rexistro Municipal, a orde de entrada dos proxectos foi a seguinte:

ORDEN	N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	DATA E HORA	Número de rexistro
1.º	CI1/2021/407	50297676B	Arriba Coruña	13.09.2021 (00:01:00) Subsanación: 19.10.2021	65971
2.º	CI1/2021/404	32817891L	A miña nai ten tronos na cabeza	13.09.2021 (00:01:00) Subsanación: 21.10.2021	65983
3.º	CI1/2021/473	32770935Y	Asubíos	15.09.2021 (13:16:55)	67444

Unha vez rematado o prazo de alegacións e revisada a documentación achegada, compróbase que se recibiron alegacións por parte de tres solicitantes. É por iso que o día 25 de novembro de 2021 reúnese de novo a mesa de valoración para dar resposta ás mesmas e levántase Acta onde se propón:

1. “Alegacións do solicitante con n.º de expediente CI1/2021/428.

No seu escrito a interesada alega contra as puntuacións outorgadas pola Comisión e indica que as ditas puntuacións debería ser revisables atendendo a unha serie de criterios. Neste sentido, a Comisión observa as súas alegacións pero non as atende ao considerar que o proxecto está debidamente valorado de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria. Algúns dos criterios indicados pola interesada son interesantes e poderíanse incluír en futuras convocatorias, sen embargo, non se poden atender agora por non estar incluídos nas bases.

O proxecto presentado pola interesada queda coa mesma puntuación. Polo tanto, procede desestimar a súa alegación.

2. *Alegacións do solicitante con n.º de expediente CI1/2021/454.*

Neste caso, non se chegou a valorar o proxecto debido a que o interesado non cumpría o requisito de empadramento establecido nas bases da convocatoria. O interesado alega presentando un certificado da súa situación censal onde consta un domicilio fiscal na cidade da Coruña. Non se pode atender a súa alegación debido a que o dito certificado non acredita o empadramento.

De acordo cos datos que obran en poder desta Administración, o interesado non cumpre o dito requisito. Polo tanto, procede desestimar a súa alegación.

3. *Alegacións do solicitante con n.º de expediente CI1/2021/501.*

O interesado solicitou acceso ao expediente e foille concedido. Posteriormente, presentou unha alegación contra as puntuacións. Nas súas alegacións o que fai é ampliar o proxecto presentado inicialmente, non obstante, non estamos nese momento do procedemento. A Comisión observa a súas alegacións e indica que mantén a puntuación obtida inicialmente. A principal razón pola que non se lle outorgou mais puntuación foi que o proxecto non estaba o suficientemente desenvolvido comparado con outros proxectos presentados nesta convocatoria. Polo tanto, procede desestimar a súa alegación.”

Dentro do trámite de alegacións, dous dos solicitantes achegaron a súa renuncia á subvención:

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2021/487	53613864J	Pintuchiño veloz	Renuncia expresa
CI1/2021/407	50297676B	Arriba Coruña	Renuncia expresa

Segundo a Base 7.7 en caso de importe remanente, de maneira excepcional e só neste caso, permitírase a reformulación da solicitude que no informe ocupe o primeiro posto entre os proxectos sen dereito a axuda, segundo a valoración obtida, de tal modo que o solicitante poida adaptar, se o estima conveniente, a súa solicitude ao importe remanente, procedéndose consecutivamente co seguinte proxecto mellor valorado se renunciase a iso.

Tal e como se desprende da resolución provisional e da dilixencia incluída no procedemento o día 16 de novembro, o día 8 de novembro de 2021 ofréceselle ó solicitante co número de expediente CI1/2021/475 reformular a súa solicitude polo importe sobrance (1.345,57 €). O día 11 de novembro presenta a súa renuncia a persoa beneficiaria do proxecto con número de expediente CI1/2021/487, polo que se lle informa ao anterior da dispoñibilidade do importe completo solicitado, e se lle ofrece a reformulación ó seguinte solicitante na lista provisional, expediente CI1/2021/407, por un importe de 955,57 €. O día 22 de novembro de 2021 recibíuse a súa renuncia expresa.

Finalizado o prazo de alegacións, o día 23 de novembro de 2021 se comproba que a persoa beneficiaria co número de expediente CI1/2021/475 non presenta a documentación nas declaracións responsables que exige a Base 8.4, polo que se entende que desiste. Queda, polo tanto, importe suficiente para que o solicitante do expediente CI1/2021/407 dispoña do total do importe solicitado, e así se lle ofrece ese mesmo día e novamente renuncia, polo que se informa ó seguinte beneficiario (segundo a devandita dilixencia) co número de expediente CI1/2021/404.

Despois de tódolos trámites, queda un importe remanente de 955,57 €, debido a que estamos fora de prazo para ofrecer unha nova reformulación ao seguinte solicitante.

Tal e como se establece no punto 5 da Base 8, examinada a documentación e as alegacións achegadas, formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano competente, que deberá expresar a relación ordenada de solicitantes que cumpran todas as condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de persoa beneficiaria, os importes das axudas concedidas, a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Tendo en conta o anteriormente exposto, RESOLVO:

Primeiro.–Vistas as alegacións contra a proposta de resolución provisional, desestimar as seguintes alegacións polos motivos indicados:

1. *Alegacións do solicitante con n.º de expediente CI1/2021/428:*

No seu escrito a interesada alega contra as puntuacións outorgadas pola Comisión e indica que as ditas puntuacións debería ser revisables atendendo a unha serie de criterios. Neste sentido, a Comisión observa as súas alegacións pero non as atende ao considerar que o proxecto está debidamente valorado de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria. Algúns dos criterios indicados pola interesada son interesantes e poderíanse incluír en futuras convocatorias, sen embargo, non se poden atender agora por non estar incluídos nas bases.

O proxecto presentado pola interesada queda coa mesma puntuación. Polo tanto, desestimase a súa alegación.

1. *Alegacións do solicitante con n.º de expediente CI1/2021/454.*

Neste caso, non se chegou a valorar o proxecto debido a que o interesado non cumpría o requisito de empadramento establecido nas bases da convocatoria. O interesado alega presentando un certificado da súa situación censal onde consta

un domicilio fiscal na cidade da Coruña. Non se pode atender a súa alegación debido a que o dito certificado non acredita o empadramento.

De acordo cos datos que obran en poder desta Administración, o interesado non cumpre o dito requisito. Polo tanto, desestímase a súa alegación.

2. Alegacións do solicitante con n.º de expediente CI1/2021/501.

O interesado solicitou acceso ao expediente e foille concedido. Posteriormente, presentou unha alegación contra as puntuacións. Nas súas alegacións o que fai é ampliar o proxecto presentado inicialmente, non obstante, non estamos nese momento do procedemento. A Comisión observa a súas alegacións e indica que mantén a puntuación obtida inicialmente. A principal razón pola que non se lle outorgou mais puntuación foi que o proxecto non estaba o suficientemente desenvolvido comparado con outros proxectos presentados nesta convocatoria. Polo tanto, desestímase a súa alegación.

Segundo.–Aceptar a renuncia e desistimento para participar na presente convocatoria, por solicitude expresa ou por non atender ao requirimento de emenda publicado no BOP núm. 196, do 14 de outubro de 2021, de conformidade coa Base 6 apartados 8 e 9 da convocatoria, ou por non achegar a documentación recollida nas declaracións responsables, segundo a Base 8 apartado 4, dos solicitantes e para os proxectos que abaixo se indican:

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2021/408	32824101L	En femenino	Renuncia expresa
CI1/2021/483	47366671B	Cidade de cristal	Non emenda a documentación. Enténdese que desiste (Base 6.8)
CI1/2021/441	32825510W	X	Incumpre Base 5. Enténdese que desiste
CI1/2021/444	32829015B	X	Incumpre Base 5. Enténdese que desiste
CI1/2021/462	Y2559705A	A cidade invisible	Non emenda a documentación. Enténdese que desiste (Base 6.8)
CI1/2021/478	72073427Y	Particular	Non emenda a documentación. Enténdese que desiste (Base 6.8)
CI1/2021/486	47351662K	X	Incumpre Base 5. Enténdese que desiste
CI1/2021/488	12164882K	Compostela: estudo fractal dunha cuncha	Non emenda a documentación. Enténdese que desiste (Base 6.8)
CI1/2021/491	47365758H	A Coruña contra as ondas da LGTBI-fobia	Non emenda a documentación. Enténdese que desiste (Base 6.8)
CI1/2021/487	53613864J	Pintuchiño veloz	Renuncia expresa
CI1/2021/407	50297676B	Arriba Coruña	Renuncia expresa
CI1/2021/424	32804486T	Os cabaliños dos xardíns	Non achega a documentación Base 8.4. Enténdese que desiste.

Terceiro.–Declarar a inadmisión a trámite das seguintes solicitudes por presentalas fóra do prazo establecido na convocatoria:

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2021/440	32681553W	Beethoven e A Coruña, alumeando ideais: fraternidade, liberdade e superación	Solicitude extemporánea

Cuarto.–Desestimar as seguintes solicitudes iniciais, polos motivos que se indican na seguinte táboa:

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2021/426	47368075N	Longa Noite de Pedra 2022	Non se admite. Incumpre Base 3.1.1
CI1/2021/494	46908743J	Da acuarela ao paraugas	Non se admite. Incumpre Base 3.1.1
CI1/2021/454	47370314C	Urbe no tempo	Non se admite. Incumpre Base 3.1.1

Quinto.–Conceder definitivamente as axudas correspondentes á convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva dirixida a artistas individuais destinadas ao apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na nosa cidade a realizar durante o exercicio 2021 e comprometer o gasto a favor de cada unha das persoas beneficiarias, polos importes indicados na seguinte táboa e en base aos criterios (CRT.) indicados na bases reguladoras da convocatoria:

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	IMPORTE	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	CRIT. 6	PUNT. TOTAL
CI1/2021/435	32451803E	Atlantic -8.º 24 17,95 / 43.º 23 13,39	3.000,00 €	16	8	5	4	2	5	40,00
CI1/2021/485	33997141J	Planeador	3.000,00 €	16	8	5	4	2	5	40,00
CI1/2021/413	76622106K	Rúa Padilla número 3, segundo piso	3.000,00 €	15	8	5	4	2	5	39,00
CI1/2021/414	10196247W	15000 xeometrías espaciais: ceos e arquitectura na cidade da Coruña	3.000,00 €	15	8	5	4	2	5	39,00
CI1/2021/416	32775879M	Este é un lugar de ambiente! Entendes?	3.000,00 €	14	8	5	4	2	5	38,00
CI1/2021/419	53165696T	Cadros que nunca pinteí	3.000,00 €	14	8	5	4	2	5	38,00
CI1/2021/465	46898203F	Olavitolá (Os chíos de María Casares)	3.000,00 €	15	8	5	3	2	5	38,00
CI1/2021/468	47401527E	Queimadeo á miña morte	3.000,00 €	15	7	5	4	2	5	38,00
CI1/2021/472	47365883M	Aquarium Finisterrae: espaco sonoro de las profundidades	2.936,00 €	14	8	5	4	2	5	38,00

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	IMPORTE	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	CRIT. 6	PUNT. TOTAL
Cl1/2021/481	46900071N	OBSKKVLT. "REDRESSIAN"	3.000,00 €	15	8	4	4	2	5	38,00
Cl1/2021/412	46901423F	Entroido cascarilleiro: Dende Elviña a Monte Alto	3.000,00 €	13	8	5	4	2	5	37,00
Cl1/2021/434	48112876G	Libro de nut. Composición musical para coro y orquesta	3.000,00 €	15	6	5	4	2	5	37,00
Cl1/2021/459	76932267G	Videoclip "Aquí e agora" ("Here and now")	3.000,00 €	14	7	5	4	2	5	37,00
Cl1/2021/476	53301686Z	Sandwich Cat	3.000,00 €	14	7	5	4	2	5	37,00
Cl1/2021/397	32845428W	A casa aberta	3.000,00 €	13	8	4	3,5	2,5	5	36,00
Cl1/2021/436	32837955G	Matadoiro	3.000,00 €	14	6	5	4	2	5	36,00
Cl1/2021/456	32830278D	A ciencia do poema	3.000,00 €	14	7	5	3	2	5	36,00
Cl1/2021/466	76802669B	Lenda de Hércules e Xerión	3.000,00 €	12	8	5	4	2	5	36,00
Cl1/2021/467	33995282V	Transitando Arte	3.000,00 €	14	8	5	2	2	5	36,00
Cl1/2021/490	72152340Y	Unha vida de ultratumba	3.000,00 €	12	8	5	4	2	5	36,00
Cl1/2021/395	47366678H	Cariño	3.000,00 €	16	5	4	4	2	5	36,00
Cl1/2021/453	32843368N	1885 - Curtametraxe experimental	3.000,00 €	16	3	5	4	2	5	35,00
Cl1/2021/489	53305352T	A Coruña dos videoxogos	3.000,00 €	12	8	5	3	2	5	35,00
Cl1/2021/495	47365148Y	A idade dos metais	3.000,00 €	15	5	5	4	1	5	35,00
Cl1/2021/455	47351825T	Água que correr se deixa	3.000,00 €	12	7	4,5	4	2,5	5	35,00
Cl1/2021/425	47376825E	43°22´0" N 8°23´0" O	2.120,00 €	12	8	3	4	2	5	34,00
Cl1/2021/492	77410045A	2.121 Un mundo mejor	3.000,00 €	13	6	5	3	2	5	34,00
Cl1/2021/429	47369096K	Joejufy, The Hunter	1.750,43 €	15	4	4	4	2	5	34,00
Cl1/2021/430	54151675S	Precariadas	3.000,00 €	12	8	5	3	1	5	34,00
Cl1/2021/409	32800668T	As mulleres feministas da Coruña	3.000,00 €	14	5	5	3	1	5	33,00
Cl1/2021/433	46906697Z	Faro, luces na noite	3.000,00 €	12	8	2	4	2	5	33,00
Cl1/2021/477	47039161K	Desenvolvemento interrompido	3.000,00 €	12	6	4	4	2	5	33,00
Cl1/2021/443	46900072J	Audivisual de poesía musicada	3.000,00 €	13	4	5	4	2	5	33,00
Cl1/2021/457	79321830M	Murales Maríneros en As Xubias	3.000,00 €	13	8	4	2	1	5	33,00
Cl1/2021/405	46902003N	Portas do mar	3.000,00 €	14	4	5	4	0,5	5	32,50

Cl1/2021/406	32789796F	Muller floreiro	2.000,00 €	11	8	5	2	1	5	32,00
Cl1/2021/418	00821223P	Los motivos automáticos	2.238,00 €	11	8	3	3	2	5	32,00
Cl1/2021/420	53160688Y	SXSXSX - Bute, neno	3.000,00 €	12	4	5	4	2	5	32,00
Cl1/2021/479	32791533L	Teatro mínimo ambulante	3.000,00 €	12	6	4	3	2	5	32,00
Cl1/2021/475	49681622N	Xornadas ATC para a promoción da arte téxtil na cidade da Coruña	3.000,00 €	10,5	7	3	4	2	5	31,50
Cl1/2021/404	32817891L	A miña nai ten tronos na cabeza	3.000,00 €	12	4	5	3	2	5	31,00

O importe total do gasto comprometido chega a 119.044,43 €, con cargo á aplicación 50 334 48100 do orzamento municipal en vigor.

Sexto.–Non conceder axudas ós seguintes solicitantes por esgotarse o crédito dispoñible:

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	IMPORTE	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	CRIT. 6	PUNT. TOTAL
Cl1/2021/473	32770935Y	Asubios	3.000,00 €	12	4	4	4	2	5	31,00
Cl1/2021/428	53309376E	Xesucristo Superstar	3.000,00 €	14	0	5	4	2	5	30,00
Cl1/2021/463	58000223L	Isla, Wachinai e as cores dos demais	1.722,66 €	12	4	5	2	2	5	30,00
Cl1/2021/471	32828212J	Cantigas de Muller e un Aturuxo	2.400,00 €	10	8	1	4	2	5	30,00
Cl1/2021/484	33336561Q	Patricia gets ready	3.000,00 €	11	4	5	4	1	5	30,00
Cl1/2021/445	76732636J	Tráiler de Alén	2.873,75 €	10	6	3	4	2	5	30,00
Cl1/2021/411	44458227D	Ciudadano Game	2.496,85 €	13	7	1	2	1,5	5	29,50
Cl1/2021/432	46912634V	Emilia ilustrada	3.000,00 €	10	8	4	1	1,5	5	29,50
Cl1/2021/427	32841094S	Son da cor, a cor da son	3.000,00 €	12	4	3	3	2	5	29,00
Cl1/2021/437	53304152L	Shido	3.000,00 €	12	4	3	3	2	5	29,00
Cl1/2021/439	46896140Z	Misery	3.000,00 €	12	4	5	1	2	5	29,00
Cl1/2021/501	32759634K	As cancións de Marcial del Adalid sobre textos en Galego de Fanny Garrido	3.000,00 €	9	7	3	4	1	5	29,00
Cl1/2021/493	46917309T	Ollar o monte verde	2.680,00 €	13	2	5	3	0,5	5	28,50
Cl1/2021/460	71506771R	A Coruña durante o estado de alarma	3.000,00 €	8	8	2,5	2	2	5	27,50
Cl1/2021/446	4738651B	Videoclip 'Fuego' de Crimson & Clover	937,50 €	9	5	2,5	4	2	5	27,50
Cl1/2021/431	47385275P	Blues de medianoite	3.000,00 €	12	0	5	3	2	5	27,00
Cl1/2021/438	32443717D	VI edición Sellier Film Festival	3.000,00 €	12	5	5	3,5	1,5	0	27,00
Cl1/2021/464	32384258M	Amaterasu	500,00 €	12	0	5	3	2	5	27,00
Cl1/2021/392	47364250M	Todo sanará	3.000,00 €	8	6	3	2	1	5	25,00

N.º EXPEDIENTE	DNI	PROXECTO	IMPORTE	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	CRIT. 6	PUNT. TOTAL
CI1/2021/422	X9892019H	Allova 2021: directo y nuevo single	2.400,00 €	10	4	5	4	2	0	25,00
CI1/2021/402	15379806M	J.S.Bach nas igrexas da Coruña: Suite 2 en Re Menor BWV1008 para cello só	3.000,00 €	7	4	4	2	2	5	24,00
CI1/2021/470	32773141G	A Coruña na pandemia	3.000,00 €	8	8	0	2	1	5	24,00
CI1/2021/469	32836377J	Sr. Laredo	3.000,00 €	8	4	2	2	1	5	22,00
CI1/2021/421	32816835K	A muller na arte no século XX e XXI	3.000,00 €	8	4	2	1	1	5	21,00
CI1/2021/482	54154779Z	A comprensión da contorna galega a través dos tintes naturais	2.500,00 €	11	0	0	3	1	5	20,00
CI1/2021/480	76938948S	A fama das sereas	3.000,00 €	8	0	0	2	1	5	16,00
CI1/2021/417	47385170H	Jabón artesano San Juan	1.153,86 €	8	3	1	2	1	0	15,00
CI1/2021/474	36057101R	Troupés de cine	3.000,00 €	8	0	3	2	1	0	14,00

Sétimo.–Anular o crédito autorizado sobranse na operación contable 220210019255 por un importe total 955,57 €. O crédito anulado da operación liberarase na aplicación 50 334 48100 do orzamento municipal en vigor.

Oitavo.–Esta resolución terá o carácter de definitiva de acordo co establecido na Base 8.5 da convocatoria e será publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na sede electrónica do Concello da Coruña, así como na páxina web do Servizo de Cultura. Indícase na Base 8.6 que a notificación será substituída pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, producindo os mesmos efectos.

As persoas interesadas que foran propostas como beneficiarias, terán un prazo de dez (10) días hábiles para comunicar a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a axuda entenderase tacitamente aceptada.

A resolución do procedemento porá fin a vía administrativa e contra dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo de un mes. En cuxo caso o prazo para a achega do recurso contencioso administrativo comezará a contar dende a notificación da resolución expresa do recurso.

A Coruña, 7 de decembro de 2021.

Manuel Ángel Jove Losada

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

2021/8523